

# “VÍDEO CLIPS A ESGALLA”

**1ª Mostra de Vídeo Clips do Concello de Ferrol**



**Ferrolterra ten moito que contar... e cantar.**

**ESPERAMOS OS TEUS TRABALLOS**

Dende a Concellería de Cultura do Concello estamos organizando unhas xornadas adicadas aos vídeo clips de formacións e solistas da comarca de Ferrolterra, por tal motivo facemos un chamamento a tódolos artistas e bandas para que participen nesta mostra onde se pretende dar a coñecer aos nosos talentos e ao mesmo tempo ser escaparate e punto de encontro dos diferentes creadores.

Ao longo de aproximadamente catro semanas ofreceremos dende proxeccións en diferentes espazos da cidade, pasando por música en directo, charlas e algunha pequena sorpresa que aínda e pronto para desvelar... Aceptamos pezas de tódalas décadas, aínda que a nosa intención e darlle maior protagonismo aos máis recentes traballos dos nosos músicos e realizadores.

Invitámosvos por tanto a participar, e animámosvos a difundir este chamamento. Tódolos interesados tedes ate o **15 de maio de 2016** para facernos chegar os vosos traballos nun sobre pechado a **“Concello de Ferrol - Negociado de Cultura - Praza de Armas s/n 15402 Ferrol (A Coruña)”** indicando no mesmo **“Vídeo Clips a Esgalla”**, e acompañado dunha ficha técnica a que podedes acceder pinchando [aquí](#).

Graciñas, e contamos con vos.

O concelleiro delegado de Cultura, Ensino e Universidade,  
Jesús Basterrechea López